



Concello de Xinzo de Limia

ANUNCIO CONTRATACIÓN 1 LIMPADOR/A.-

O Concello de Xinzo de Limia pretende seleccionar e contratar un/unha limpiador/a de edificios municipais mediante contrato laboral de interinidade por baixa por enfermidade da titular da praza axustándose ó sistema de baremos en vigor para o persoal laboral temporal, actualizado consonte as previsións do Real Decreto Legislativo 5/2015, por el que se aprueba el Estatuto Básico del Empleado Público , ó persoal que a continuación se detalla

Nº de prazas: 1.

Denominación da praza: limpiador/a en edificios municipais, E9.

Clase de persoal: laboral temporal.

Modalidade de contrato temporal: interinidade a tempo completo(37,5 semanais).

Duración: ata a reincorporación da titular da praza.

Funcións: as propias que se deriven da natureza da praza ofertada.

Requisitos imprescindibles:

- a) Ter a nacionalidade española, ou de Estado Comunitario, ou ser cónxuxe de español ou de nacional de Estado Comunitario, ou ser estranxeiro con residencia legal en España.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. Acreditación obrigatoria requirida: certificado médico.
- c) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder no seu caso da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administración Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público. Acreditación obrigatoria requirida: declaración de veracidade.
- e) Sen titulación requirida.

Instancias: En modelo oficial, que será facilitado aos interesados na sede electrónica do Concello de Xinzo de Limia e nas dependencias municipais, e que deberá presentarse no prazo de **tres días hábiles** dende o seguinte a aquel en que o anuncio de convocatoria sexa inserido no diario "La Región", advertindo que en caso de presentar a documentación por algún dos medios recollidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, os solicitantes deberán enviar fax ó Concello advertindo deste extremo ó número 988550112, no prazo de tres días hábiles dende o seguinte á publicación deste anuncio no diario. Do contrario, a súa candidatura non se terá en conta no proceso selectivo.

Concello de Xinzo de Limia

C/ Curros Enriquez, 15, Xinzo de Limia. 32630 (Ourense). Tfno. 988550111. Fax: 988550112



Concello de Xinzo de Limia

Proceso selectivo: Mediante a avaliación dos méritos alegados, segundo os baremos que constan no Decreto de data 12/04/2018, en virtude do cal, se procede á convocatoria da presente contratación, que é obxecto de publicación no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica do concello de Xinzo de Limia.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

Concello de Xinzo de Limia

C/ Curros Enríquez, 15, Xinzo de Limia. 32630 (Ourense). Tfno. 988550111. Fax: 988550112